PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO

DE ORIENTACIÓN

IES Pino Manso
CURSO: 2020-21

1. INTRODUCIÓN
2. MARCO CONTEXTUAL
- 2.1. Disposicións legais
- 2.2. Ubicación e contorna do centro
- 2.3. Características do centro
- 2.4. Estrutura funcional do departamento

3. DETECCIÓN DE NECESIDADES
4. OBXECTIVOS
- 4.1. Obxectivos xerais
- 4.2. Obxectivos específicos

5. LIÑAS DE ACCIÓNS PRIORITARIAS
6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN
7. PRESENZA DAS COMPETENCIAS CLAVE NO ÁMBITO DA ORIENTACIÓN
8. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN
- **8.1. APOIO AO PROCESO ENSINO–APRENDIZAXE**
  - 8.1.1. Obxectivos
  - 8..1.2. Actuacións
  - 8.1.3. Seguimento e Avaliación
- **8.2.PLANO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- **8.3. PROGRAMACIÓN DA ACCIÒN TITORIAL –PAT-**
- **8.4. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL ESPECÍFICO DE F.P.BÁSICA**
- **8.5.ORIENTACIÒN ACADÈMICA E PROFESIONAL-POAP**
  - 8.5.1.- Obxectivos

8.5..2.- Actuacións

9. IMPLEMENTACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

10 . CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

1. INTRODUCIÓN

Entender a orientación como o acompañamento e o asesoramento do alumnado ao longo do período escolar como un proceso continuo, dirixido a todo o alumnado e a todos os niveis, converte a **titoría** no **eixo da función orientadora**.

As liñas de actuación deste plan irán encamiñadas a crear un **clima escolar** positivo, esixente en canto ao esforzo do alumno, reducindo o número de alumnado sen titulación e contribuíndo a mellorar o seu rendemento nas competencias clave, coa finalidade de compensar, na medida do posible, as diferenzas asociadas aos factores de orixe social e cultural.

Así mesmo, potenciarase o acceso as ensinanzas posobrigatorias (CFGM, CFGS, Bacharelato, Graos Universitarios) e outro tipo de estudos.

Continuarase co asesoramento sobre a metodoloxía de **Aprendizaxe Cooperativo**, que se ven desenvolvendo no centro dende o curso 2010-11, que facilita dun xeito moi importante a cohesión dos grupos e a adquisición das competencias.

Por isto, preténdese seguir coa liña de traballo desenvolvida en cursos pasados e continuar deste xeito afianzando a importancia do papel da orientación no ámbito escolar. Dita orientación levarase a cabo dende:

- O espazo de Titoría, a nivel de aula.
- O Departamento de Orientación, a nivel de centro docente.
- O Equipo de Orientación Específico, que atende demandas de carácter especializado a nivel de provincia.

2.- MARCO CONTEXTUAL

2.1.- Disposicións legais

A nosa actividade educativa susténtase nas leis do ordenamento xurídico estatal e da Comunidade Autónoma. Particularmente, apoiase no lexislado pola LOE e a LOMCE e demais normas referidas ao ámbito educativo, en especial:

- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia .

- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120 /1998.

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos /as con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e, se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización .

-Orde de 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de BAC.

-Orde de 13 de Xullo de 2011 pola que se regulan os programas de Formación profesional Inicial.

- Orde de 5 de Maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do BAC.

-Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

-Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

-DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006,do 3 e maio, de educación (DOG 21 de decembro de 2011).

-Instrucións da Dirección Xeral de Educación,Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Orde de 13 de agosto de 2015 polo que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 86/15 polo que se establece o currículo da Educación Secundaria obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

-ORDE do 16 de setembro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia

Cabe sinalar que o noso modelo de orientación, ademais de partir do disposto na normativa antes mencionada, deberá estar en concordancia coas liñas directrices establecidas nos Proxectos Educativo do Centro e a Concreción Curricular. Así, a **contribución do D. Orientación ao logro das competencias clave** enmarcaranse dentro dos seguintes ámbitos xerais:

- **A atención á diversidade**, especialmente no que se refire á atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE).
- **A convivencia** no marco da formación de cidadáns responsables, autónomos e participativos.
- **A motivación** pola aprendizaxe e a valoración do esforzo.
- **O asesoramento** e a orientación profesional na formación ao longo da vida.

A orientación susténtase nos principios de:

- **Prevención**: A orientación como un dereito de todo educando en todo momento, e non só ante unha problemática específica .
- **Desenvolvemento**: Os alumnos/as na súa interacción co medio van estruturando as súas capacidades, habilidades e destrezas e maila súa personalidade, trátase, en suma, de crear un contexto motivador que estimule eses cambios.
- **E Intervención Social**: A intervención orientadora non debe ter en conta só ao individuo, senón que debe dirixirse ao contexto educativo e social no que aquel se desenvolve.

2.2.- Ubicación e Contorna do Centro

O Plan de Orientación aquí presentado corresponde ao IES Pino Manso, situado na rúa Antonio Palacios nº 76 de O Porriño, localidade moi preto de Vigo e está moi ben comunicado tanto por ferrocarril como por estrada. Esta zona conta con importante poboación inmigrante. Ten grandes extensións de solo industrial nos polígonos de: As Gándaras, a Granxa e Budiño.
Falamos dunha zona rural, coas características típicas como casas illadas, traballo no campo, familias con parentes maiores integrados na unidade familiar..
O IES Pino Manso ten como centros adscritos :

-CEIP de Atios

- CEIP Fernández López (Ámbolos dous con orientadora, en Atios, compartida)

Por outra banda, recibe alumnado doutros centros públicos así como concertados.
Actualmente, conta cunha matrícula de 488 alumnos/as atendidos por unha plantilla de profesorado que se sitúa nos 50 (a maioría con destino definitivo aínda que o número de provisionais segue sendo importante)

2.3.- Características do Centro

O Plan de Orientación aquí presentado corresponde ao IES Pino Manso de O Porriño, un centro situado nunha zona moi industrializada e que nestes momentos de crise económica se está deixando sentir dun xeito moi pronunciado no alumnado.
Entre os principais centros educativos dos que se nutre o IES Pino Manso, podemos citar:

- Centro de ensino infantil e primario (CEIP) de Fernández López, centro de educación primaria adscrito a este I.E.S.
- Centro de Educación infantil e Primaria de Atios, preto de O Porriño.
- CEIP Antonio Palacios, CEIP Mestre Valverde Mayo, Mestre Martinez Alonso,..

Ademáis, soen acudir a cursar bacharelato alumnado dos CPR Hermanos Quiroga, Santo Tomás .
Outras institucións relacionadas co centro son:

- Servizos sociais do Concello de O Porriño e doutros concellos como o de Mos dos que se reciben alumnos.
- CIM e OMIX
- Policía Local de O Porriño / Garda Civil
- Gabinetes Psicopedagóxicos do entorno

As relacións con estas institucións baseáranse en mellorar a atención ao alumnado fortalecendo o seu proceso de aprendizaxe, así como a súa formación integral o que repercutirá na mellora da convivencia no centro.
En particular, promoveranse intervencións encamiñadas fundamentalmente á prevención de situacións de risco ou á corrección de problemáticas diversas, das cales as máis frecuentes son o absentismo escolar, integración social ou o baixo rendemento e fracaso escolar. Para isto programaranse actividades relacionadas cos **elementos transversais** que contempla o artigo 4 do decreto do currículo: Comprensión lectora ,Expresión oral ,Expresión escrita, Comunicaicón audiovisual, TIC, Emprendemento, Educación cívica e constitucional, Igualdade entre homes e mulleres, Prevención da violencia de xénero, Prevención da violencia contra persoas con discapacidade, Igualdade de trato e non discriminación, Resolución pacífica de conflictos , Valores, Non discriminación por razóns de orientación sexual.
Tratarase de que sexan os propios departamentos os que inclúan nas súas propias programacións o traballo nestes importantes aspectos.
O departamento de Orientación do IES Pino Manso seguirá mantendo cos centros adscritos a necesaria e desexable relación de coordinación de cara á mellor integración

dos alumnos procedentes deles, tendo en conta as características deste alumnado segundo a información facilitada polos centros de procedencia, e en particular a través do establecemento da máxima coordinación entre os respectivos especialistas de orientación.
Actualmente, cóntase cunha matrícula que se sitúa en 476 alumnos, atendidos por unha plantilla de profesores que se sitúa nos 50; a maioría deles con destino definitivo no centro, aínda que hai que dicir que este curso se incorporaron unha porcentaxe de profesores provisionais moi importante.
O nº de alumnos distribúese como sigue:

NIVEL EDUCATIVO		**MODALIDADE**	**Curso**	**Nº de grupos**
	E.S.O.(323)		1º (104)	5
			2º (80)	4
			3º (62)	3
			4º (77)	3
	Bacharelato (69/74)	**Humanidades e CC Sociais**	1º	1
			2º	1
		Ciencias e Tecnoloxía	1º	2
			2º	2
	FPB (10/12)	**“ Informática de oficina”**	1º 2º	1 1

2.4.-Estrutura Funcional do Departamento
Forman parte deste departamento a proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica, os seguintes profesores:
Dª Mercedes Alfaro Alonso , como Profesora de Pedagoxía Terapéutica
Dª Juana María Rial Zueco , xefa de estudos polo Ámbito Sociolingüístico
Dª Mª Lourdes Manteiga Gorgal, polo Ámbito Científico -Tecnolóxico
Dª Sofía Areal Giráldez- Xefa do Departamento de Orientación
O Departamento de Orientación reunirase semanalmente os Xoves de 11.50 horas -12:40 horas.
Nesta reunión procurarase dar prioridade aos temas relacionados coa acción titorial, convivencia escolar e atención a diversidade. Además trataranse as problemáticas xurdidas nos diferentes cursos de Bacharelato dándolles igualmente información puntual aos titores .Tamén se colaborará dende o D.O. na realización de actividades relacionadas coa orientación profesional e vocacional.

3. DETECCIÓN DE NECESIDADES

No curso actual moitas das medidas de educativas levadas a cabo ata o de agora, tras anos de formación e sensibilización, desaparecen para poder manter as medidas de prevención e seguridade:

- Aprendizaxe Cooperativa,
- Docencia Compartida,
- Apoio dentro da Aula,
- Actividades Inclusivas nos recreos,
- Agrupamentos flexibles,

- Prácticas Restaurativas,
- Uso xeralizado da Biblioteca,
- Uo espazos como laboratorios, talleres,..

Co fin de acadar melloras que adecúen a resposta educativa no actual contexto COVID ás características diversas do noso alumnado, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación do currículo, elaboramos un documento sobre **ESTRATEXIAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. (ANEXO 1).**
Por outra banda , elaboramos un **PLAN DE ADAPTACIÓN AO COTEXTO COVID (ANEXO 2)** que enviamos ao equipo Directivo pero que lamentablemente por urxencias que tiveron que acometer, ata o de agora non puido ser obxecto de reflexión. Confiamos en que máis pronto que tarde poidamos abordalo e disponer así propostas de mellora que tralo periodo de confinamento deberan de ser postas en común entre os/as docentes.
Teremos moi presente a difícil situación de crise que golpeará duramente a moitas familias ao longo do presente curso. A presenza de problemas e incertezas económicas, laborais , sociais e de saúde serán causa de dificultades académico-persoais no noso alumnado, polo que extremaremos o noso nivel de alerta. Será obxectivo prioritario o seguemento semanal dende as titorías para poder identificar e apoiar a este alumnado. Farase especial fincapé no deseño de actuacións titoriais para favorecer o mellor desenvolvemento socioemocional no curso actual. Individualmente a orientadora intervirá como sempre , cando se considere preciso.
No caso de que haxa alumnado confinado, as actuacións do departamento levaranse a cabo tal e como quedou recollido na memoria do curso pasado, telefónica e virtualmente, así como por correo electrónico. Non escatimaremos tempos nin medios para tratar de asegurar a resposta educativa óptima.
Identificar e informar xa nas AVALIACIÓNS INICIAIS (inclusive en Bacahrelato) das necesidades específicas de apoio educativo educativas derivadas de :

- necesidades educativas especiais,
- por dificultades específicas de aprendizaxe,
- TDAH,
- por altas capacidades intelectuales,
- por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou
- por condicións persoais ou de historia escolar,

Preténdese que poidan alcanzar ao igual que o resto de alumnado o maior desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.
Por outra banda, en relación ao centro no seu conxunto:

- Asesorar nas decisións e adopción de medidas para optimizar a acción educativa que respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e obxectivos de etapa.
- Priorizar e concretar por parte dos distintos equipos docentes de nivel os Obxectivos de Etapa por curso e as Competencias Clave.
- Desenvolver medidas organizativas, relacionais e curriculares para a promoción da convivencia, non discriminación e respecto pola diferencia. Seguir dando a coñeer os protocolos elaborados pola Consellería nestes ámbitos (enviados ao profesorado tras comentar en claustro en outubro)
- Optimizar a organización de recursos.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado do centro.

- Promover a implicación das familias. Acompañalas emocionalmente.
- Impulsar a participación do profesorado en accións de formación e innovación e intercambio de experiencias. (PFPP)

A detección de necesidades realizouse a través de:

- Análise e revisión da memoria e do plan de orientación do curso pasado.
- Revisión e análise da documentación do centro.
- Reunión co Equipo Directivo.
- Reunións cos distintos membros do equipo docente .
- Reunión con titores dos diferentes niveis educativos.
- Revisión dos informes dos alumnos con dificultades de aprendizaxe, análise das propostas de medidas de atención a diversidade (exencións de francés) do alumnado de nova incorporación ao centro e análise do seguimento realizado ao final do curso dos alumnos con medidas de atención á diversidade.
-Probas psicopedagóxicas realizadas conxuntamente neste primeiro mes de setembro (Badig-M)
-Entrevistas cos titores de primaria no mes de xuño, para recadar información sobre o alumnado que se incorpora por 1ª vez ao centro.

4. OBXECTIVOS

Os Obxectivos que se perseguirán dende o D.O. ao longo deste curso son os seguintes:

4.1. Obxectivos Xerais

4.1.1. Continuar coa inserción do Departamento de Orientación no conxunto do sistema educativo e no proceso de ensino -aprendizaxe, colaborando na elaboración e implementación dos proxectos educativo e curricular de centro.
4.1.2. Asesorar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade nunha sociedade multicultural, proporcionando estratexias de intervención que permitan unha optimización dos recursos existentes.
4.1.3. Asesorar, promover e afondar na acción titorial do profesorado, familias e alumnado e na colaboración centro -familias, deseñando accións encamiñadas ao clima convivencial e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe do alumnado, así coma os que poden derivarse dos cambios de ciclo e/ou etapa.
4.1.4. Proporcionar apoio psicopedagóxico á totalidade do alumnado, especialmente aos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, e asesorar nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, á avaliación, aos criterios de promoción e á implicación persoal do alumnado no proceso de ensino -aprendizaxe.
4.1.5. Colaborar cos órganos unipersoais e colexiados, así coma cos demais servizos, na busca de solucións aos problemas que afectan ao conxunto do proceso de ensino -aprendizaxe.

4.2. Obxectivos específicos

a) Co Alumnado:

4.2.1. Asesorar nas estratexias para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos e alumnas, a fin de acomodar, adecuadamente, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación e promoción.
4.2.2. Facilitar estratexias e instrumentos destinados a que o tránsito *dun ciclo* e/ou etapa a outro, mesmo o cambio de centro, se realice da forma menos traumática posible.
4.2.3. Promover actuacións destinadas ao entrenamento en técnicas de traballo intelectual, á solución pacífica dos conflitos e á adquisición de habilidades sociais.

4.2.4. Promover a formación en valores.
4.2.5. Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación -avaliación sistemáticos.

b) Con relación ás familias:

4.2.6. Involucrar ás familias no proceso de ensino -aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
4.2.7. Asesorar aos pais e nais nos momentos en que atopen algunha dificultade na educación dos seus fillos ou fillas.
4.2.8. Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias... que aporten información para a mellor educación dos fillos e fillas.

c) Con relación ao profesorado:

4.2.9. Recadar a súa colaboración nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.
4.2.10. Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e ou programas que se elaboren.
4.2.11. Promover a coordinación, o traballo compartido e a innovación educativa.

- Traballar de maneira conxunta dúas persoas docentes na mesma aula .
- Trazar actuacións de acompañamento ao profesorado levado a cabo polo propio profesorado do departamento e aqueloutro que queira mostrar colaboración, no desenvolvemento do currículo por tarefas integradas.

4.2.12. Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares significativas.
4.2.13. Colaborar na revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
4.2.14. Asesorar ao profesorado que o demande naqueles aspectos relacionados co ámbito da orientación, así como no desenvolvemento do PAT, POAP, PAD.

d) Con relación ao centro:

4.2.15. Constituír o Departamento de Orientación e establecer as liñas xerais de actuación para o respectivo curso académico (Plan Anual de Actividades do Departamento -PAADO-).
4.2.16. Colaborar nas actuacións encamiñadas a promover un clima escolar positivo e a resolución pacífica de conflitos.
4.2. 17. Facilitar asesoramento, respecto da elaboración , revisión e actualización do PEC e da CC, PAD, de forma que o plan de orientación sexa un elemento que dá unidade e coherencia ás decisións adoptadas nos proxectos educativo e curricular de centro. Volver incidir en que dende o Equipo directivo se convoquen reunións de Convivencia.

- Colaborar no PFPP que se renova este curso . Especial sensibilización co programa EduEmociona (Contratos Programa)

4.2.18. Colaborar co equipo directivo naqueles temas que se considere máis urxente a abordar dende o departamento de orientación: dinamizar actuacións que favorezan a convivencia, agrupamento do alumnado, relacións persoais..

e) **Con relación a outras institucións:**

4.2.19. Establecer reunións periódicas cos Departamentos de Orientación dos centros adscritos.
4.2.20. Colaborar e demandar a colaboración do equipo de orientación específico naqueles casos nos que así se solicite ou se considere necesaria a súa intervención.

4.2.21. Establecer canles de colaboración cos servizos e entidades que poidan axudar á mellor integración de todos alumnos e alumnas, especialmente os de nova incorporación e/ou con necesidades específicas: CRUZ VERMELLA, POLICÍA LOCAL,CONCELLO., MENORES..)

5.- LIÑAS DE ACCIÒNS PRIORITARIAS

As actuacións prioritarias que desenvolverá este departamento están baseadas no disposto na circular 10/2010 emitida pola Dirección Xeral de Educación Formación Profesional e Innovación Educativa. Entre outras, sinalaremos as máis relevantes para o desenvolvemento do noso traballo diario:

- Proceder á constitución do D.O e elaborar o Plan anual de Actividades do Departamento de Orientación.
- Detectar problemas de aprendizaxe e intervir coa máxima dilixencia posible.
- Realizar un seguimento psicopedagóxico individual de cada un dos alumnos e alumnas, aproveitando toda a información que facilita a ficha psicopedagóxica individual, tanto a nivel de profesorado coma de familia.
- Axustar as propostas de apoio aos alumnos, tendo en conta as liñas do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PAD), que constitúe un documento aparte
- Asesorar aos departamentos tendo en consideración as demandas presentadas.
- Asesoramento sobre as medidas de actuación con alumnado con necesidade específica de apoio educativo .
- Deseñar actuacións titoriais para as dúas etapas impartidas no centro, especialmente para a ESO
- Estruturar e explicitar todas estas actuacións mediante a actualización do PAT e do PAD, no que se contemplen as accións para co alumnado de nova incorporación e para o alumnado que remata a Educación Secundaria.
- Promover a reflexión e a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno ou alumna.
- Colaborar con equipos docentes en elaboración de avaliacións iniciais e nos diferentes procesos de avaliación.
- Reflexionar sobre o proceso avaliador, tanto no que afecta aos resultados como ao propio proceso.
- Explicitar e implementar as accións propostas sobre a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo tendo en conta o decreto 229/2011.
- Promover grupos de traballo que reflexionen e investiguen desde a propia práctica docente.
- Colaborar co equipo directivo naquelas cuestións que se lle demanden ao Departamento de Orientación.
- Colaborar na promoción dunha convivencia positiva . Contribuír a mellora da convivencia escolar a través da dinamización da xunta de delegados, mellora no funcionamento da aula de convivencia, titorías personalizadas.

- Proceder á revisión e actualización dos proxectos educativo e curricular de centro, onde o Plan de Orientación se contemple coma un instrumento promotor de calidade e cohesión .
- Aportar os datos que a Administración Educativa e demais servizos demanden. Envío da aplicación informática no seu prazo do drdorienta.
- Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.
- Asesorar tanto aos alumnos como ás familias sobre a transición ao mundo laboral.
- Asesorar a aquelas familias que así o demanden dos requisitos para a solicitude de determinadas axudas, sobre todo as relacionadas coa atención á diversidades, coa correspondente elaboración de informes demandados pola administración para tal fin.
- Levar a cabo un seguimento da evolución dos alumnos con necesidades educativas en coordinación cós profesionais dos diferentes gabinetes que os atenden fóra do horario escolar.
- Coordinación con outros D.Orientación de diferentes niveis e sobre todo cos centros adscritos.
- Asesorar sobre F.P. BÁSICA, PROBAS ACCESO A CICLOS..
- Deseñar, cando sexa preciso, en colaboración co equipo de orientación específico, accións que proporcionen respostas educativas apropiadas e adaptadas de carácter preventivo e compensador ás necesidades específicas de apoio educativo.
- Continuar empregando as dinámicas de Aprendizaxe Cooperativo que se veñen implementando dende xa fai varios cursos neste centro .
- Rexistro de datos para a memoria final.

6.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Se a fundamentación teórica que compartimos se sitúa na liña dun traballo colaborativo e compartido; no principio de APRENDER XUNTOS; na necesidade dunha intervención no conxunto do sistema e nun ensino significativo e de calidade, que desenvolva as potencialidades de todos e cada un dos alumnos e alumnas; é necesario, como xa se ten indicado, que enmarquemos as actuacións do Departamento de Orientación dentro da programación xeral anual e dos proxectos educativo e curricular de centro.

Sendo esa a dimensión na que se concibe este Plan de Orientación, entendemos que existen uns recursos estratéxicos xerais que cómpre ter en consideración. Eses recursos son:

A predisposición do equipo directivo, co que se leva a cabo u unha comunicación, información e colaboración permanente.

A toma de conciencia de que somos un equipo e non unha suma de unitarias, o que significa ter unha apertura de cara ás iniciativas que se presenten e unha xenerosidade cara ás decisións que se adopten.

A acción "mentalizadora e exemplificadora" dos titores/as así coma da especialista do departamento: profesora de pedagoxía terapéutica.

A presentación de proxectos, ideas, programas, ... que axuden na toma de decisións, nas estratexias de aprendizaxe, nas medidas organizativas, na adquisición de hábitos, na integración, na educación en valores, na resolución de conflitos, na reflexión sobre o traballo e nas actuacións conxuntas.

A publicitación de documentos informativos sobre asuntos relacionados co labor docente (funcións dos titores e titoras, actividades de reforzo educativo, proceso dunha adaptación curricular, ...).
A promoción de grupos de traballo que reflexionen e investiguen desde a propia actividade.
O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e periódica coas familias.
As actuacións coa asociación de nais e pais de alumnos e alumnas, na procura dunha liña adecuada de colaboración e relación escola -familia.
A absoluta dispoñibilidade e colaboración da orientadora, tanto no que atinxe ao noso centro coma aos centros adscritos.
Cómpre ter en consideración que aínda que nos guían os principios dunha actuación no conxunto do sistema e na liña de programas, iso non significa que non se vaian atender as demandas de intervención que nos cheguen, tanto por parte do profesorado coma por parte das familias ou do alumnado.
Para o desenvolvemento de tódalas as estratexias mencionadas, faise necesario contar con diversidade de recursos técnicos e materiais,que se irán recopilando progresivamente ao longo de todo o curso, tendo en conta as necesidades e demandas que vaian xurdindo.

7.PRESENZA DAS COMPETENCIAS CLAVE NOS ÁMBITOS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN		
ÁMBITOS DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE	Aínda que a individualización da ensinanza ou a atención á diversidade implica a todas as competencias, resaltamos principalmente tres: 1.Competencia en Comunicación Lingüística. 2.Competencia Matemática. 7-Competencia para Aprender a Aprender. No apartado de ensinar a pensar (mellora da motivación, reforzo do interese e apoio á adquisición de hábitos e técnicas de estudo e de traballo intelectual, comprensión lectora, fomento da lectura….)	
ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL	A finalidade da acción titorial é que o alumno se coñeza e se acepte, mellore o seu proceso de socialización e aprendizaxe e se sinta protagonista do seu propio proxecto persoal. En relación ao P.A.T destacamos tres competencias fundamentais: 5.-Competencia social e cidadá. No apartado de ensinar a convivir e a adaptarse (autoconcepto e autoestima, educación emocional, afectiva e sexual, habilidades sociais, participación e cidadanía, coeducación, educación para a paz e resolución pacífica de conflitos, educación para a saúde,utilización do tempo libre….). 6.-Aprender a aprender. 8.- Autonomía e iniciativa persoal.No apartado Ensinar a ser persoa e Ensinar a tomar decisións (exploración dos propios intereses, coñecemento do sistema educativo e das saídas académicas, coñecemento do mundo laboral e saídas laborais..). Trátase dunha competencia que engloba a todas as demais.	

ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL	A finalidade da orientación académica e profesional é que a alumna/o aprenda a decidir, se eduque na igualdade de xénero para a futura elección de estudos e profesións, realice un uso racional das TIC, constrúa o seu proxecto profesional…). En relación ao P.O.A.P sobresae unha competencia básica: 8.Autonomía e iniciativa persoal	

Aínda que todas as competencias clave deben estar presentes nos plans e programas do departamento de orientación, destacamos, no centro do cadro, as que se incardinan mellor nos seus ámbitos de actuación.

Por outra parte, a acción Titorial (que inclúe a orientación académica e profesional), además de traballar o desenvolvemento dalgunhas competencias de forma máis intencionada, ten a función de coordinar, dinamizar e crear sinerxias naquelas competencias clave que son comúns en todas as materias, colaborando con todos os axentes implicados na comunidade educativa

8- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

O Departamento de Orientación centra a súa intervención en tres ámbitos de actuación distintos aínda que complementarios entre si: APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE, O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E A ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

8.1-APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

O Departamento de Orientación contribuirá a proporcionar axuda pedagóxica ás diferentes necesidades dos alumnos, mediante a intervención directa ou ben facilitando recursos e estratexias que incidan naqueles aspectos que manifestan a diversidade do alumnado e que están estreitamente relacionados co proceso de ensino -aprendizaxe, tales como a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe e os intereses dos alumnos.

Nas medidas de atención a diversidade, que se adopten, tanto de carácter ordinario como extraordinario, priorizaranse, a atención a alumnado que asista aos reforzos, e ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as propostas de mellora recollidas na memoria do curso pasado, e a información da xunta de avaliación extraordinaria.

8.1.1 Obxectivos:

Facilitar ao profesorado información acerca do expediente persoal dos alumnos -as, especialmente do de 6º de primaria, para poder dar unha resposta educativa máis axustada as súas necesidades.

Prestarlle atención docente directa ao ACNEAE, a través da profesora especialista de pedagoxía terapéutica, seguindo as liñas establecidas no Plan de Atención á Diversidade.

Colaborar na selección do material curricular do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Facilitar aos profesores/as técnicas e instrumentos relativos a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de mellora cognitiva ou de habilidades sociais.

Colaborar co profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe a na planificación e realización de tarefas ou actividades dirixidas á súa solución.

Buscar a cooperación entre tódolos responsables do proceso de ensino -aprendizaxe das alumnas/os para optimizar os resultados do mesmo e conseguir o desenvolvemento integral dos alumnos/as.

Colaborar,cando proceda, na fase de deseño e desenvolvemento das diferentes decisións curriculares.
Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe dos alumnos que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
Participar nas sesións de avaliación, colaborando co profesorado na procura de respostas educativas ás necesidades do alumnado, informando sobre o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Promover a colaboración entre o profesorado no descubrimento de boas prácticas .
Colaborar co equipo docente na concienciación da necesaria coordinación entre o profesorado para axustar a resposta educativa segundo as necesidades educativas do grupo.

8.1.2 Actuacións:

Colaboración na planificación das actividades de apoio establecendo criterios organizativos sobre horarios, agrupamentos que favorezan a aplicación das medidas de reforzo e atención a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
Seguimento de alumnos que promocionaron con áreas avaliadas negativamente.
Colaboración e asesoramento na realización das adaptacións curriculares.
Asesoramento e colaboración no desenvolvemento de algúns aspectos da programación

- Concreción, de ser o caso, para cada estandar de aprendizaxe avaliable
  - Temporalización
  - Grao mínimo de consecución da materia
  - Procedementos e instrumentos de avaliación
- Concrecións metodoloxicas
- Medidas de atención a diversidade (medidas de reforzo e adaptacións do currículo, tanto ordinarias como extraordinarias para os alumnos que o precisen.)
- Concreción dos elementos transversais que se traballarán
- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
- Concreción dos elementos transversais que se traballarán

Participación nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.Realización da avaliación psicopedagóxica dos alumnos que presenten importantes problemas de aprendizaxe e que precisen medidas educativas específicas.
Realización de entrevistas e encontros cos profesores, alumnos e pais co fin de recoller e achegar a información e a cooperación precisas para dar respostas ás necesidades do alumnado.
Proporcionar asesoramento e apoio aos alumnos e familias ante posibles circunstancias de índole aptitudinal, motivacional, social..., que puideran interferir no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

8.1.3 Seguimento e Avaliación

A través das diferentes reunións cos membros da comunidade educativa e das sesións de avaliación, farase o seguimento e a avaliación das actividades propostas,tendo en conta os seguintes criterios de avaliación:
Comprobar en que medida se desenvolveron as ACS e a súa valoración final.
Seguimento das intervencións demandadas, analizando o proceso, o grao de implicación e os resultados.
Cómo influíu a distribución no tempo e o espazo na atención á diversidade.
Modificacións da proposta de intervención tanto a nivel de horario como na atención prestada ao alumno (dentro ou fóra da aula) ao longo do curso.
Cuantificación de demandas de asesoramento solicitadas e atendidas.

Asesoramento solicitado ao D.O. tivo consecuencias positivas para os implicados no proceso.
Con motivo dos informes psicopedágoxicos tomáronse as medidas adecuadas no proceso de ensino -aprendizaxe.
Os resultados académicos dos alumnos con medidas de ATENCIÓN A DIVERSIDADE son valoracións obxectivas da eficacia destas medidas.
Valorar as repercusións na aula e no proceso de ensino aprendizaxe das actividades realizadas.
Velar pola implementación das medidas acordadas na sesión de avaliación sobre reforzos e atención á diversidade.
Analizar os resultados do proceso de ensino -aprendizaxe a través dos datos das avaliacións. No caso do alumnado atendido polo departamento reflectir estes na folla de seguimento elaborada para tal fin.

8.2. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No curso 2011-12 elaborouse o documento de atención á diversidade (tal como se indica no Decreto 229/2011 do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia) e que puntualmente, cada curso, se modifican aqueles aspectos que son variables, como son os alumnos e as medidas de atención á diversidade que se lle aplican, profesorado que imparte docencia neses grupos...
Como xa sinalamos anteriormente este curso hai un documento para poder reflexionar nos departamentos sobre a resposta na aula á diversidade.

CONCRECIÓN PLAN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEDIDAS ORDINARIAS	1º eso	2º eso	3º eso	4º eso	FP
ADECUACIÓN DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO					

✓ DOCENCIA COMPARTIDA					✓
✓ DESDOBRES					
PROGRAMA REFORZO INSTRUMENTAIS AULA ORDINARIA/ EXENCIÓN 2ª LINGUA ESTRANXEIRA	✓	✓			

PROGRAMA REFORZO INSTRUMENTAIS. AULA ORDINARIA	✓	✓	✓	✓	
PT.AULA ORDINARIA (metodoloxías inclusivas)					
PROGRAMA ARCO	✓				
CONTRATOS PROGRAMA (REFORZA-T)	¿?				
CONTRATOS PROGRAMA (PREMAT? PRELIN? PRE)	¿?				
MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	1º eso	2º eso	3º eso	4º eso	FP

AGRUPAMENTOS FLEXIBLES								
ACI	✓	✓						
PT. AULA APOIO	✓	✓						
ACNEAE (alum.con necesidade.especifica de apoio educativo)								
	1ºESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1ºFP	2ºFP	1 BAC	2 BAC
INCORPORACIÓN TARDÍA SISTEMA EDUCATIVO								
DIFICULTADES ESPECÍFICAS APRENDIZAXE	4	7	3	7	1	2	1	
TDAH	3	3	2	5	1		2	5
NEE:								
TRASTORNO CONDUTA								
T.E.A	1				1		1	

DISCAP.		2			3		1	
CONDICIÓNS PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR	5	5	5	2	1	4	4	
AACC								

8.3..- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Departamento de Orientación, en colaboración cos Titores/as, e Xefa de Estudos, colaborará na implementación, aplicación e desenvolvemento do plan de acción titorial marco. A través do departamento preténdese coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de titoría, preparando material e participando, a orientadora e maila profesora de PT, nas sesións de titoría que se levan a cabo semanalmente, pero sobre todo nos niveis de 1ª , 2º,3º e 4º de ESO. A orientadora levará a cabo as actividades relacionadas coa orientación académica e profesional. Este curso priorizaranse aspectos como a oralidade e emprego de recursos audiovisuais para dinamizar as sesións, tendo en cota as limitacións impostas pola Covid. Así mesmo, no desenvolvemento do PAT continuaranse realizando actividades que fomenten a adquisición de destrezas e habilidades inter e intrapersoais.

O PAT constitúe un documento aparte dentro do PEC, que será unha guía para os titores, así como o referente do D.O para a proposta de novas actividades e dinámicas de traballo.

Nas reunións de nivel procúrase unha metodoloxía indutiva, que permita ao profesorado vivenciar e descubrir elementos clave no proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación do mesmo, tendo en conta as respostas dos alumnos, e a valoración dos Titores, Profesores e Xefatura de Estudos.

A orientación é inseparable do conxunto da acción educativa e neste sentido compete a todo o profesorado, fundamentalmente a través da acción titorial. Esta conxuga o propósito de integrar a orientación persoal, académica e profesional.

8.4. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A Orientación académica e profesional ten por obxecto axudar ao alumnado ao longo de todo o proceso educativo, especialmente na Educación Secundaria, a coñecer, valorar e decidir sobre si mesmo e sobre as súas preferencias, intereses e capacidades académicas, vocacionais e profesionais para que poda formular libre e responsablemente, a súa decisión persoal sobre o seu futuro, decisión que deberá reflectir nun proxecto concreto.

O proceso de toma de decisións ao que se está facendo referencia (razón de ser da orientación académica e profesional), deberá ser realizado polo propio alumno, tendo o resto dos membros da comunidade educativa (profesorado, pais/nais, Departamento de

Orientación...) a responsabilidade de ofrecerlle a información e orientación precisas para que poda efectuar dita toma de decisións .

As accións englobadas neste ámbito levaranse a cabo a través de:

- O traballo programado dentro da hora de titoría nos cursos da ESO.
- No seo das distintas áreas e materias, cando así se considere oportuno, colaborando o Departamento na organización actividades.
- E por medio de actividades específicas a desenvolver polo propio Departamento de Orientación, a través de: charlas, visitas, atención individual.
- O Programa específico de transición da etapa de primaria a secundaria e de secundaria obrigatoria e postobrigatoria a outros estudos.

Teranse moi presentes as fases que comprende o programa de orientación académica-profesional:

a) Fase de información e investigación:

Pretende ampliar os coñecementos que o alumno ten sobre si mesmo, o sistema educativo e o mundo laboral, así como dotalo de habilidades e estratexias persoais de busca, selección, tratamento e transmisión da información (preténdese iniciar coa posta en práctica dun Portfolio de Orientación dende 1º nivel da etapa)

b) Fase de Reflexión:

Pretende promover a reflexión sobre o axuste entre a realidade persoal do alumno e as opcións e posibilidades que se lle presenten.

c) Fase de toma de decisións:

Debe optar por a mellor das alternativas educativas ou profesionais.

9 9. IMPLEMENTACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

ACTUACIÓNS	***RESPONSABLE/S***	***DESTINATARIOS/AS***	***TEMPORALIZACIÓN***
01	Coordinación co equipo directivo.	Orientadora.	Equipo directivo.	Todo o curso.
02	Elaboración das liñas xerais de orientación e acción titorial tendo en conta a memoria do curso anterior .	Departamento Orientación	E. Direc, Titores , Membros dep.	setembro.
03	Seguimento do PAT , Plan de Convivencia e Plan de Atención á diversidade como documentos inmersos dentro do PEC	Orientadora	E. Directivo,Titores e Membros D.O	Todo o curso
04	Proposta de establecemento da reunión mensual do Departamento de Orientación.: organización do Depart, equipamento e plan de traballo.	Xefe de Estudos e DO		Setembro.
05	Constitución do Departamento Orient.	Equipo directivo	D.O	Setembro.
06	Publicitar as liñas xerais de actuación do Departamento.	Membros Departamento	Claustro, Consello Escolar e Familias.	Setembro e outubro.

07	Redacción da proposta dos alumnos exentos 2ª lingua Estranxeira tendo en conta a información dos centros de Primaria.	Dirección ,Xefa.E. e DO	Direcc, Xef est, , , DO	1º quincena Setembro (revisable ata a 1ª avliación)
08	Implementación dos Desdobres nas materias instrumentais	E.Directivo, Xefes Dep Lin, Len , Mat e Orientadora	Direcc, Xef est, Xefes Dep , Orientadora	1º quincena setembro
09	Proposta de organización dos apoios por parte do profesora de Pt	D.Orientación	Equipos Docentes	outubro
10	Seguimento dos apoios educativos	D . Orientación	Membros D. O e Equipo Directivo	Todo o curso
11	Asesoramento en prevención e resolución de conflitos	Orientadora e PT	E. Direc, Titores profesorado	Todo o curso
12	Deseñar estratexias para a realización coordinada da avaliación inicial do alumnado	Departamento de Orientación.	Totalidade do profesorado.	Setembro/ Outubro.
13	Asesoramento respecto dos asuntos a tratar nas reunións xerais coas familias.	Departamento de Orientación.	Titores.	Outubro.
14	Reunión xeral cos pais e nais dos alumnos e alumnas.	Orientadora.	Equipo Directivo , Titores ,Pais e nais do alumnado.	2ª quincena de outubro.
15	Reunión individual con familias para dar información das valoracións individuais e das tomas de decisións extraordinarias	Orientadora	Pais/Nais	Todo o curso
16	Reunión con membros do EOE	Orientadora e Titores	Equipo Directivo, Especialista.	Todo o curso
17	Realización de charlas informativas coordinadas pola universidade ao alumnado de 1º/2º de Bacharelato	Vicedirectora, XE e Orientadora		Todo o curso, con máis insistencia no 3º trimestre
18	Reunión con servizos Sociais externos ao centro	Orientadora e Titores		Todo o curso
19	Elaboración e aprobación das modificacións realizadas ao Plan de Orientación.en función das necesidades detectadas	Departamento de Orientación.	Comunidade educativa.	Todo o curso.
20	Información tanto oral como escrita as familias e ao profesorado.	Orientadora.	Profesorado e familias.	Todo o curso.
21	Deseño do desenvolvemento do Programa de toma de decisións ESO E BAC	Dep.Orientación e equipo docente .	Profesorado, alumnado e familias de 4º de ESO e Bacharelato	Xaneiro.

22	Desenvolver o Programa de Toma de decisións	Departamento de Orientación.	Alumnado Profesorado titor..	Todo o curso
23	Realización das avaliacións psicopedagóxicas demandadas, e dos correspondentes informes	Orientadora.	Demandantes, equipos docentes, propio alumnado e familias.	De outubro a maio.
24	Asesoramento na realización e seguimento das A.C.	Orientadora.	Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos.	Primeiro e segundo trimestre.
25	Reunións trimestrais coa totalidade do Departamento.	Orientadora	Totalidade de membros.	Setembro, outubro, xaneiro, abril e xuño.
26	Reunións mensuais do Departamento.	Orientadora	Membros do departamento	Todo o curso
27	Redacción das actas das reunións do Departamento.	Orientadora	Membros do Departamento.	Inmediatamente despois de cada reunión.
28	Colaboración coa Asociación de Nais e Pais dos Alumnos e Alumnas.	Orientadora	Directiva da ANPA.	Todo o curso.
29	Informar dos resultados da avaliación psicopedagóxica realizada ao alumnado con NEAE.	Orientadora	Profesorado ,titor, alumnado e familias.	Todo o curso
30	Deseñar estratexias para coordinar a orientación académica e profesional tanto cos titores do noso centro como cos diferentes centros da zona	Orientadora	Titores Bacharelato	2º e 3º trimestre
31	Informar aos Centros de Primaria sobre as ofertas do noso centro	Equipo directivo e Departamento de Orientación.	Equipo directivo, equipos docentes e CCP.	Marzo.
32	Seguimento e avaliación do Plan de Acción Titorial.	Departamento de Orientación.	Titores e membros do DO.	Todo o curso
33	Seguimento e avaliación Plan Anual de Actividades do DO	Departamento de Orientación.	Membros do Departamento.	Trimestralmente
34	Asesoramento ao profesorado na cumprimentación da documentación académica do alumnado.	Departamento de Orientación.	Equipo directivo e totalidade do profesorado.	Todo o curso.
35	Asistir ás sesións de avaliación.	Orientadora.	Equipos docentes.	Decembro, marzo, xuño.
36	Actualizar os datos psicopedagóxicas do ANEAE..	Orientadora	Expediente do alumnado .	Todo o curso..
37	Elaboración dos informes para o alumnado obxecto de RE e de apoio do próximo curso	Departamento de Orientación.	Profesorado titor e profesorado de apoio.	Xuño

38	Avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.	Departamento de Orientación.	Xefes departamento, profesorado de apoio, profesorado do RE, profesorado de PDC , equipo directivo, orientadora e memoria final	Maio.
39	Informar aos centros de primaria lexislación exención segunda lingua estranxeira (orde 6 de setembro de 2007)	Orientadora	Orientadores dos centros de primaria da zona.	Xuño.
40	Elaboración dos informes do alumnado propostos para F.P.B	Orientadora.	Expediente persoal dos alumnos e alumnas.	Xuño.e Setembro
41	Participación en charlas ofertadas pola Universidade	Director , vicedireción e Orientadora	Equipo Directivo e Departamento de Orientación	A partir 2º Trimestre
42	Coordinación Coa universidade de Santiago e de Vigo para a organización de charlas	Director, Orientadora, Titor da Universidade e Alumnos	Director, Orientadora, Titor da Universidade e Alumnos	Todo o curso
43	Redacción da memoria do Departamento de Orientación.	Orientadora.	Equipo directivo, Departamento e claustro.	Xuño.
44	Cubrir toda a documentación que demande a administración drdadi/ drdorienta	Departamento de Orientación	Equipo directivo, Departamento .	Novembro/Xuño

10. CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÒN DO PLAN

Todo programa ou plan precisa ser avaliado para así coñecer o grado de consecución dos obxectivos previstos no mesmo, identificando os acertos e os erros cometidos e, propoñendo posibles melloras de cara a unha intervención futura

Esta avaliación afrontarase en tres momentos:

- Avaliación inicial, permitindo coñecer a realidade ou estado do alumnado.
- Avaliación continua ou formativa, relacionada coas modificacións que se poden producir .
- Avaliación final, relacionada coa análise dos resultados, co fin de detectar e reflexionar sobre aqueles aspectos que interesa cambiar ou modificar de cara ao vindeiro curso.

A avaliación debe ser sistémica e continua, unha responsabilidade compartida por todo o equipo docente e deberá levarse a cabo durante todo o proceso educativo, sen cinguirse a un momento determinado ou puntual, senón que debe impregnar o desenvolvemento do plan mesmo nas súas distintas fases.

De cara a avaliación, teranse en conta:

- As observacións realizadas dende o propio departamento por parte de todos e cada un dos seus membros .
- As suxerencias e información que proveñan do profesorado, alumnado e pais/ nais.
- E as valoracións de instancias externas ao centro como poden ser o Servizo de Inspección Educativa ou o Equipo de Orientación Específico.

Os **criterios de avaliación,** a ter en conta, serán os seguintes:

- Nivel de implicación da comunidade educativa
- Grao de implicación nas dinámicas de Aprendizaxe Cooperativo dos distintos departamentos.
- A realización das actuacións previstas, en especial, as contempladas no PXAD , no PAT e no POAP.
- A celebración das reunións establecidas.
- Detección das necesidades educativas do alumnado.
- A participación nas distintas modalidades de atención ao alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- A atención as demandas recibidas.
- Satisfacción dos diferentes membros da comunidade educativa.
- O grao de éxito acadado co alumnado obxecto de medidas educativas de atención a diversidade.
- Diminución da incerteza dos alumnos coas decisións que van tomando.

ANEXO 1

Con esta proposta pretendemos contextualizar a nosa práctica docente. Na procura da mellor resposta educativa posible á diversidade nas nosas aulas neste contexto COVID invitámosvos a comentala nos dptos. e posteriormente en CCP.

Para acordar unha resposta educativa no centro precisamos unha coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que imos empregar.

Co fin de facer unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias conexionadas facilitarannos unha abordaxe con maior rigor do tratamento integrado das competencias e progresar cara a unha construción colaborativa do coñecemento.

Priorizar o traballo do esencial nas materias co fin de que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan capaces de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fora da aula. Si logramos un consenso, estaremos consolidando auténticas medidas ordinarias de atención á diversidade.

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe (retroaliméntase o proceso).

Seguindo esta premisa o presente borrador parte dun formato que estructura as clases en tres momentos. Este deseño inspirouse en dous aspectos: formato Programa Observa-Docente no que participou profesorado do centro e que se veu interrumpido pola COVID, e a proposta de orientación feita en claustro o curso pasado de facilitar dossiers específicos ás persoas interesadas en profundizar na resposta á diversidade nas aulas. (bloques temáticos sobre A.A.D.)

En definitiva,o noso principal propósito é aportar un documento que poida ser de utilidade como punto de partida para a reflexión nos departamentos. No seu deseño acompañámolo de diferentes anexos. Para simpificar a súa lectura prescindiremos de adxuntalos.

INICIO CLASE

Temos presente que o aquí recollido precisa dun ambiente de aula favorable, polo que coidaremos o clima afectivo e partiremos de expectativas positivas sobre o noso alumnado.

ESTRATEXIAS PARA ESPERTAR A CURIOSIDADE Ou MOTIVACIÓN

Segundo Tristan de Frondeville (2009) unha rutina que podería funcionar moi ben sería: 1) Conseguir un silencio total 2) Reclamar unha atención completa 3) Ter as "cinco cellas" dirixidas cara ao profesor (as dúas cellas dos ollos, as dúas dos xeonllos e a do corazón)..

Empezar cun <u>entrenamento mental</u> para INTRODUCIR ao alumnado no tema da sesión

- PLantexar unha pregunta relacionada cun problema real relacionado co que imos traballar durante a sesión , un breve debate, unha tormenta de ideas con preguntas abertas, análise dun video/curta, compartir algunha anécdota, noticia, ..
- Utilizar algunha <u>rutina de pensamento</u>(**ANEXO**) que permita pescudar que saben sobre o tema e o que lles gustaría saber
- Plantexar un desafío, acertixo..
- Empregar situacións que permitan visualizar a relevancia do que imos traballar ese día. Indicaemos directamente a funcionalidade do que imos aprender. Relacionar o que imos ensinar co mundo real.
- Activar os coñecementos previos. Para conectar os coñecementos previos coa nova información podemos empregar p.ex. unha lista de cotexo (checklist)
- Utilizar o humor, o xogo…, como aliados para espertar a curiosidade e para manter a atención
- Expoñer de forma clara que esperamos que aprendan ao final da clase
- Impartir instrucións simples e claras que axuden a estruturar e executar a tarefa
- Potenciar o feedback.

DURANTE A CLASE

- *Independientemente do estilo de aprendizaxe ou pensamento do alumno, todos agradecen a posibilidade de elexir actividades. Deste xeito estamos axustando a resposta a calquera perfil de estudiante. Para isto precísase ter preparado previamente un conxunto de alternativas dun determinado tema. Descubriremos aquelas intelixencias nas que cada alumno/a se manexa mellor. (posibilitaremos o desenvolvemento dos talentos) . Dispoñible Libro en D.O con múltiples opcións.*

- Fomentar a Avaliación formativa; que o alumno poida autoregularse na súa aprendizaxe. Potenciar a autoavaliación. Moi importante dar a coñecer criterios de avaliación. Hai exemplos de actividades para este fin no **libro de 10 ideas para evaluar**. Neus Sanmartí.

- Resulta recomendable o uso do portfolio, que achega información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

- Usar ilustracións e exemplos
- Ofrecer diferentes niveis de desafío (Taxonomia de Bloom). Favorecer o traballo individual e en gran grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.**ANEXO**
- Planificar actividades auténticas, con sentido e relevancia para todo o alumnado, que partan do seu contexto máis próximo, da súa realidade e que sexan socialmente relevantes para todo o alumnado.
- Fomentar a utilización de estratexias internas (autoinstrucións) para situacións específicas. Que teño que facer? Que necesito lembrar para poder facelo? Como vou facelo? Estou a facelo ben? Respondín a todo o que me pedían?(pode poñerse inforgrafia nalgún lugar visible. **ANEXO**
- Clarificar o que imos facer, ou a explicar con esquemas sinxelos, índices, mapas mentais,exemplos.. **ANEXO**
- Empregar organizadores gráficos que lles axuden a manter a información organizada, a memorizala, a comprendela. Emprego de "Visualthinking" p.ex
- Fomentar as conexións entre varias materias , propiciando a transferencia do coñecemento, asociando a nova información con datos ou información coñecida. Elaborando transposición didáctica. **ANEXO**
- Ensinar estratexias mnemotécnicas que axuden aos estudantes a memorizar a información
- Presentar a información por distintas vías.(visual , auditivia, kinestésica) tendo en cuenta os diferentes estilos de aprendizaxe do

FINAL DA CLASE
- Formular preguntas que fomenten a metacognición, , é dicir, a reflexión sobre o que se vai aprendendo. (rutinas de pensamento, escaleira da metacognición, diarios de aprendizaxe…) **ANEXOS** - Expor diferentes modos de avaliación, tanto dos coñecementos previos, como das aprendizaxes novas. - Compartir co alumnado o que esperamos que aprendan no momento de realizar algunha actividade, tarefa, exercicio. - Compartir co alumnado os criterios de avaliación, é dicir, que lles imos a esixir. - Promover a coevaluación e a autoavaliación (rúbricas, cuestionarios, diarios de aprendizaxe, listas de control, porfolio…) - Aprender dos erros. Que fixen mal? Que tería que modificar para facelo ben? - Terminar facendo unha curta recapitulación do traballado e facendo unha breve presentación do que van traballar na próxima sesión.

ANEXO 2

PLAN ACOLLIDA CONTEXTO COVID

a) Introdución – xustificación.

A enfermidade coronavirus 2019 (COVID-19) e as medidas que para o control do mesmo se estableceron poden resultarlles estresantes a algunhas persoas. O temor e a ansiedade con respecto a unha enfermidade poden xerar emocións fortes tanto en adultos como en nenos. A tensión durante o brote dunha enfermidade infecciosa pode incluír reaccións como:

• Temor e preocupación pola súa saúde e a saúde dos seus seres queridos
• Cambios nos patróns de soño ou alimentación
• Dificultades para durmir ou concentrarse
• Agravamento de problemas de saúde crónicos

• Agravamento de problemas de saúde mental
• Maior consumo de alcol, tabaco ou outras drogas

Cada persoa reacciona de maneira distinta ante situacións de tensión, e a forma en que se responde a este tipo de situacións pode depender dos antecedentes previos e traumáticos que teñan os coidadores. Algunhas reaccións posibles que os adultos, adolescentes, nenos e nenas poden mostrar en situacións de tensión intensa son:



Fronte a todas estas posibles respostas e as potenciais (ou previsibles) secuelas que deixasen, a escola debe identificar situacións problemáticas que estea a vivir o noso alumnado e as súas familias para ofrecer unha resposta desde o ámbito escolar (en coordinación co sanitario cando sexa necesario), e á vez, ofertar unha intervención que facilite examinar e ordenar as súas experiencias, procesando as emocións e a experiencia vivida.

Doutra banda, un dos posibles efectos do confinamento é a perda de estrutura diaria e de hábitos, o cal descoñecemos como vai influenciar na volta ás clases.

Ademais, non podemos esquecer, a posibilidade de que parte do alumnado e as súas familias sufrisen a perda dalgún ser querido e que dadas as particularidades da situación e como esta afecta a todas as cuestións relacionadas co falecemento (ausencia de despedida, rituais, etc.), debemos telo en conta como un elemento que poida afectar á incorporación ás clases.

Doutra banda, enfrontarémonos tamén a situacións laborais desfavorables que ocasionarán tensións e dificultades no seo familiar.

b) Obxectivos e contidos.

1. Detectar de maneira temperá as posibles dificultades emocionais do alumnado de Educación Secundaria, Bacharelato e FPB.

CONTIDOS: indicadores acerca de depresión, ansiedade, adhesión a pautas e recomendacións sanitarias, duelo, cobertura de necesidades básicas, etc.

2. Asesorar ao profesorado no desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que faciliten a motivación e o rendemento escolar do alumnado.

CONTIDOS: axenda escolar, uso das TIC, metodoloxías activas, estratexias que faciliten unha resposta axeitada as características individuais e persoais de todo o alumnado, respostas consensuadas polo equipo docente de cada un dos grupos clase

3. Establecer desde a CCP un plan de organización para o teletraballo que garanta a continuidade pedagóxica de calidade e equitativa para todo o alumnado en caso de novos confinamentos ou dun sistema mixto (presencial e online).

CONTIDOS: plataformas de traballo (AULA VIRTUAL, WEBEX, ZOOM,..) seguimento de tarefas, normas de traballo en casa, obxectivos educativos, competencias clave, criterios de avaliación.

4. Desenvolver un clima positivo e cálido na aula, empregar estratexias de xestión emocional e fomentar hábitos de estudo a través do Plan de Acción Titorial.

CONTIDOS: identificación de emocións, compartir emocións, estratexias de autocuidado, rutinas e hábitos de traballo, cambios de estado de ánimo, tensión, conflitos, autoconocimiento, autorregulación emocional, autoestima, información sobre a enfermidade, estratexias de autocuidado e de coidado cara aos demais…

5. Asesorar á CCP sobre diferentes medidas organizativas, curriculares e de atención á diversidade que faciliten alcanzar os obxectivos da etapa e a continuidade escolar do alumnado.

CONTIDOS: xornadas de acollida, asembleas de aula, alumnado axudante, titores/ as afectivos, etc.

6. Formar ás familias en habilidades de parentalidad positiva, así como sobre o desenvolvemento de estratexias para a mellora da motivación e o esforzo escolar dos seus fillos e fillas.

CONTIDOS: tensión, conciencia e regulación emocional, rol como coidador/a, hábitos, rutinas…

c) Actividades.

Houbo debate acerca da motivación e o rendemento escolar observado no noso alumnado durante o período de confinamento?

Recomendación de choiva de ideas para establecer estratexias metodolóxicas, para usar na aula este curso 20-21.

En reunión da CCP tomarase unha decisión de forma colexiada sobre as estratexias metodolóxicas a desenvolver desde o inicio do curso quedando constancia na acta. OBXECTIVO 2.

Facer unha proposta de xornadas de acollida para realizar nos primeiros días de clase do próximo curso.

Elaboración en CCP do plan de teletraballo que desenvolverán os departamentos e coas achegas dos mesmos, unificar o uso de plataformas e configurar as normas de traballo en casa: obxectivos educativos, competencias clave a traballar e criterios de avaliación. OBXECTIVO 3.

SETEMBRO:

1) Presentación do plan .

2) Presentar na CCP indicadores para que o profesorado poida identificar situacións potencialmente problemáticas. OBXECTIVO 1.

3) Instruirase aos departamentos didácticos nas estratexias metodolóxicas seleccionadas . Asesoramento do D.O. OBXECTIVO 2.

4) Presentar aos titores e titoras o material para desenvolver as sesións de titoría ao longo do primeiro trimestre. OBXECTIVO 4.

OUTUBRO:

10) Valorar a necesidade de formación dirixida ás familias no formato que se estime oportuno. OBXECTIVO 6.

11) Aprobar por parte da CCP do plan de teletraballo organizado con obxectivos e pautas consensuadas polo profesorado, dándo a coñecer a familias e alumnado. OBXECTIVO 3.

PRIMEIRO TRIMESTRE:

• Realización das sesións de titoría co material achegado. OBXECTIVO 4.

• Seguimento mensual das devanditas sesións a través da hora de coordinación semanal cos titores e titoras, durante o primeiro trimestre. Na devandita coordinación semanal, ofrecerase asesoramento ou se resolverán dúbidas sobre as sesións de titoría. OBXECTIVO 4.

• Desenvolver por parte do/a orientador/a sesións formativas dirixidas ás familias contando coa colaboración de Servizos Sociais. OBXECTIVO 6.

TODO O CURSO:

• Realizar as valoracións de necesidades educativas do alumnado proposto en xuntas de avaliación ou otras reunións de equipos docentes mediante entrevistas á familia, ao profesorado e ao alumno ou alumna, e a recollida daqueloutra información dispoñible no centro. Organizar a resposta que cada caso requira. OBXECTIVO 1.

• A partir da avaliación das necesidades do alumnado recollidas en xuntas de avaliación, concretaranse as estratexias específicas máis favorables para atender as devanditas necesidades. OBXECTIVO 5.

d) Metodoloxía.

A metodoloxía será colaborativa e participativa buscando a implicación do profesorado e a máxima adecuación ás características e necesidades concretas de cada grupo clase, para o cal estableceranse mecanismos de contacto continúo entre o profesorado , especialmente do equipo docente de cada grupo clase (google Drive, Gmail, Wassap..)

f) Criterios de avaliación.

O presente plan de acollida exponse como unha guía de actuación flexible e suxeita a revisión periódica.

▪ Grao de consecución dos obxectivos propostos a nivel xeral e os referentes a cada sesión de titoría .

▪ Grao de satisfacción e de implicación do alumnado e do profesorado.

▪ Utilidade e funcionalidade da información e dos materiais achegados.

▪ Grao de satisfacción das familias.

Como instrumentos de avaliación principais utilizaranse as actas das sesións de xuntas de avaliación e CCP, do Departamento de Orientación, da coordinación cos titores e titoras, a observación, e poderíanse aplicar cuestionarios cumprimentados polo profesorado, as familias e o alumnado.

g) Recursos e materiais.

Documento con indicadores.

Material para desenvolver as sesións de titoría.